# A LAVANDEIRA 2023



## 08 DE MARZO DE 2023

## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



O ALUMNADO DE 6ºB PARTICIPOU NA CONFECCIÓN DUNHA BOLBORETA, SÍMBOLO DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, LIBERDADE, CAMBIO, EVOLUCIÓN...
DE TODAS AS MULLERES.

# COMEZAN AS NOSAS AVENTURAS NO COLE...















# AO LONGO DESTE CURSO:

FIXEMOS PLASTILINA CASERA...



XOGAMOS NO PATIO!



CONTÁRONNOS CONTOS!!



CELEBRAMOS O DÍA DA PAZ!!



VIVIMOS O ENTROIDO
E MOITAS MÁIS AVENTURAS!!!!





NENOS E NENAS DE 4º E EDUCACIÓN INFANTIL

# 5º EDUCACIÓN INFANTIL
























O CORPO
















# EXCURSIÓN

# RIBADAVIA






# DÍA DA POESÍA



NO DÍA DA POESÍA, AS NOSAS FORMIGAS SERVÍRONNOS PARA EXPERIMENTAR COA MESA DE LUZ!!








NENOS E NENAS DE 5º E 6º E EDUCACIÓN INFANTIL

# UN CURSO MOI DIVERTIDO 2ºA

NO COLE, ADEMAIS DE TRABALLAR TAMÉN NOS DIVERTIMOS UN MONTÓN E DESFRUTAMOS FACENDO DIFERENTES ACTIVIDADES...

## FESTAS

### Samaín!!



### Magosto



### Nadal



### Entroido





# Participamos noutras actividades interesantes



**Masa sensorial**



**Mural creativo**



**Debaixo do mar!!!**



**Práctica co microscopio**



**Coñecendo a Picasso**

# PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO

**DENDE O CURSO 2021/22, O NOSO CENTRO CONTA CO SEU PROPIO PROXECTO DEPORTIVO.**

**O "PROXECTO DE VIDA ACTIVA DEPORTVA" ( PVAD), ESTÁ INCLUIDO DENTRO DOS PLAN PROXECTA.**

Dentro deste proxecto temos multitude de obxectivos e actividades, dirixidas a todo o alumnado, inclusive profesorado e familias.

O PRINCIPAL OBXECTIVO E INCULCAR UNS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES E FOMENTAR A ACTIVIDADE FÍSICA E O DEPORTE NO DÍA A DÍA. CONXUGANDO SAÚDE E MOVEMENTO.

**Contamos co noso propio BLOG, onde podedes ver todas as fotos, vídeos, seguir consellos...**

https://pvadfilomenadato.blogspot.com/2022/09/

CREAMOS UN HORARIO PARA OS RECREOS, **"PATIOS DINÁMICOS"**, ONDE O PATIO SE DIVIDE EN ZOAS E CADA CLASE PODE ESCOLLER UNHA ACTIVIDADE DIFERENTE CADA DÍA. AS NENAS E NENOS ESCOLLEN XOGAR OU NON, PERO SEMPRE TEÑEN UNHA OPCIÓN MAIS PARA ESE TEMPO DE LECER, EVÍTANSE MOITOS CONFLICTOS E XERANSE OPCIÓNS DE XOGO.

## PATIOS DINÁMICOS

CEIP FILOMENA DATO, CURSO 2022/2023

| DÍA | ZONA 1: FÚTBOL | ZONA 2: BALONCESTO | ZONA 3: XOGOS ALTERNATIVOS "BRILÉ" | ZONA 4: XOGOS TRADICIONAIS | ZONA 5: XOGOS DE MESA |
|---|---|---|---|---|---|
| LUNS | 1º e 2º | 3º | 4º | 5ºe 6º | |
| MARTES | 3º | 4º | 5º e 6º | 1º e 2º | |
| MÉRCORES | 4º | 5º e 6º | 1º e 2º | 3º | |
| XOVES | 5º e 6º | 1º e 2º | 3º | 4º | |
| VENRES | | | | | TODOS |

NESTE CURSO FIXEMOS MOITÍSIMAS ACTIVIDADES!!!!!

ESTAMOS APUNTADOS AO DEPORTE ESCOLAR, XOGADE, COÑECE O MEU CLUB….

TIVEMOS OBRADOIROS: NUTRICIÓN, PRIMEIROS AUXILIOS, MOVILIDADE, XOGOS TRADICIONAIS….

ORGANIZAMOS UNHA XORNADA POLO DÍA DO DEPORTE NO PAVILLÓN DE DEPORTES DE BARBADÁS!! E MOITAS ACTIVIDADES MAIS, COAS QUE CONTINUAREMOS O VINDEIRO CURSO!

**PERO QUE MELLOR QUE VELO QUE CON FOTOS!!!!**
**E SI QUEREDES VER MAIS, ENTRADE AO LINK DO NOSO BLOG!!!**






EN AGRADECEMENTO POLO COMPROMISO,
ORGANIZACIÓN E PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES
QUE REALIZA A NOSA AGRUPACIÓN COA COLABORACIÓN
DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
CURSO ESCOLAR 2022/2023










ecogal
NOVASUR
PAL








ESCOLAS


"NA CASA NA ESCOLA"
BOTA A LINGUA FÓRA



DURANTE ESTE CURSO, NA CLASE DE 2º B TIVEMOS A SORTE DE CONTAR CUNHA MESTRA EN PRÁCTICAS QUE NOS AXUDOU MOITO NA NOSA TAREFA ESCOLAR. MOITAS GRAZAS IRIA!

POR ISO, NESTE XORNAL QUEREMOS AMOSAR O BEN QUE O PASAMOS TRABALLANDO EN EQUIPO CON *BOB ESPONJA E OS SEUS AMIGOS: ARENITA, PATRICIO...*




*PARA COÑECER A PIRÁMIDE ALIMENTARIA E COMO PODER TER UNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE.*







QUE DIFÍCIL!
AUGA!
QUE PON!
PASTEIS?

# OS CONTOS DOS NENOS/AS DE 3º




VISITAMOS LOIRO


Loiro

¡Vale! Entón eu tamén irei visitar Loiro. Di Catalina.
E marchase o máis rápido que puido. Cando chega a casa Catalina empézase a preparar... Que necesitorá? Auga, un bocadillo, un mapa... E cando termina de prepararse, empeza o camiño!
No camiño Catalina ve moitos animais: xabarins, corvos, paxaros... Catalina tamén ve que moita xente vai en coche a sitios aos que se pode ir andando ou en bici perfectamente e ponse a decirlle a xente que empeze a ir andando ou en bici.

ESCRIBIMOS UN CONTO SOBRE A VIAXE DE CATALINA A LOIRO




OBRADOIRO DE COMADRES E COMPADRES




## VISITAMOS O TANGARAÑO



– Seiii... contestaron todos.
Os animais axudáronse uns aos outros na mudanza.
Catalina construíu unha casa enriba do Tangaraño.
Os demais, edificaron as súas arredor da rocha.
Levantaron un gran pobo, ao que denominaron
"Tangaranillo de Arriba".
Todas as noitiñas xuntábanse para cear. Logo
facían festa onde as charangas formadas por eles
mesmos interpretaban cancións moi divertidas.
Bailaban e bailaban ata que caían como paxariños
adurmiñados...




## EXHIBICIÓN DAS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO E DOS SERVIZOS DE EMERXENCIA

# UN ESPAZO VIVO, DINÁMICO E MOOOI ACTIVO!

## O HORTO ESCOLAR

O alumnado de 4º B somos persoas activas. Gústanos aprender, pero non só estudando, senón facendo.

Un ano máis participamos no programa Voz Natura.

**O Horto Escolar aporta unha morea de posibilidades, materiais auténticos e diversos e actividades motivadoras durante todo o ano.**

É un lugar estupendo, ao que nos encanta ir, no que realizamos actividades diversas durante todo o curso.



Esta é unha pequena mostra do que fixemos.
Hai máis información na etiqueta Horto escolar da páx webb.






Como novidade aos cultivos *tradicionais*, este ano botamos **amorodos**.
Tivemos que poñer unha « manta », porque o gato…, pero obtivemos uns froitos de moi boa calidade.

Como podedes ver, os **chícharos** tamén acadaron bo tamaño.



Para celebrar o **Día Escolar da Paz, puxemos unha oliveira**, xunto cos compañeiros de 4º A.

Despois decidimos facer realidade o refrán e plantamos **ao seu carón** a árbore da gloria : **un loureiro** !

Como seica non hai dous sen tres, para celebrar o **Día da Árbore e da Poesía**, tamén **puxemos un castiñeiro**.
Pero… cando todo indicaba que ía agromar, produciuse un terrible accidente.

Sorte, *castiñeiro amigo !*







**No Horto tamén aprendemos sobre fauna**. Numerosas especies de animais viven alí.
Este curso, soltamos na tilleira **dúas salamanquesas** que « rescatamos »polo interior do cole.
*A segunda delas estaba lendo os xornais na aula !*

**As piérides** atacaron os repolos, pero cando vimos a súa **metamorfose completa na aula** e o bonitas que son as bolboretas, perdoámoslles inmediatamente os danos causados.
Incluímolas, xunto con outros invertebrados, no **traballo de investigación que realizamos**.







E, como xa diximos noutra páxina, no horto tamén **practicamos cuestións matemáticas, aprendemos vocabulario, obtemos materiais para investigar, compartimos tempo de calidade, cooperamos e adquirimos valores.**



Non podemos esquecer tampouco a nosa conciencia responsable co planeta.
Fixemos unha **recollida de tapóns e construimos un...espantagatos** ! A ver se conseguimos que deixe de facer buracos entre os cultivos.

A Natureza con colle vacacións. Á **volta retomaremos con ganas a actividade, xusto onde a deixamos!**

# UNHA BIBLIOTECA MOI ACTIVA

DURANTE ESTE CURSO A BIBLIOTECA FOI UN LUGAR DENDE O QUE DONLIBRO (a nosa mascota) propuxo moitas actividades.











## A BIBLIOTECA EMBRUXADA





## EXPERIMENTANDO

## CONTACONTOS



## APRENDENDO SOBRE OS HÓRREOS



## FAVORECENDO A AMIZADE


COMPARTINDO MO-
MENTOS LECTORES




NASA











# VISITA DE MULLERES ILUSTRES

## ESPECTÁCULOS



# 4º B. Unha clase con moitas ganas de aprender… facendo!

Neste curso, os nenos e nenas de 4ºB, estivemos moi ocupados.
Ademais das actividades lectivas cotiás, da participación en actividades organizadas polos equipos de dinamización do cole, puxemos a proba as ensinanzas teóricas, comprobando experimentalmente a veracidade das mesmas.



Con axuda dunha caseta meteorolóxica (que, a falta de mellor ubicación, estivo na aula), **rexistramos o tempo meteorolóxico.**

Aproveitando que recibíamos o xornal La Voz de Galicia, traballamos aspectos que relacionaban a vida real cos nosos temas, no taboleiro **The Nouveau 4º B Xornal Plurilingüe.**

O **Horto Escolar** merece mención especial. Facilitounos un montón de **materiais auténticos**. Alí, entre outras actividades que xa vos contaremos, unha plantación empregando as fraccións, axudounos moito na comprensión deste aspecto das **Matemáticas**.



Recollemos información interesantísima sobre os nosos « veciños » invertebrados. Un **traballo cooperativo** sobre preto de 30 deses seres, con imaxes, datos curiosos, humor, poesía…

**Vivimos en directo a metamorfose** que transformou os vermes de piéride en delicadas bolboretas.
Foi moi emocionante velas saír das súas crisálidas .



**Levamos á práctica cambios físicos e químicos cun final… de rechupete !**
**A cristalización do sal** deixou figuras preciosas. Ademais elaboramos **uns pans deliciosos** e conseguimos **leite kefirado**!





Non deixamos atrás **a parte artística** :
**Decoramos pedras** en Samaín, **cantamos** marabillosamente no **Nadal**, pasámolo xenial no **Entroido**...
E temos pendente **unha exposición de cadernos de Plástica !**





**A profe Eva** acompañounos durante uns meses.
Con ela ensaiamos a actuación de Nadal . Tamén estivo cando desfilamos no Entroido.





Xunto cos compañeiros/as de 4ºA, pasamos unha mañá de lecer en **Vilamarín**, nos últimos días deste mes de maio.





*Chaque jeudi, dès midi et demie, on a parlé Français!*

Mais, vous savez déjà que,
bientôt l'année scolaire sera fini.

**Alors, tel que chantait Louane,**
**vous aussi, vous pouvez dire :**

**« Mes chers parents, je pars.**
**Je ne m'enfuis pas (...)**
**Je vole »**

Étant donnée que la musique a toujours fait partie de nos cours, je veux vous offrir encore quelques mots d'une (autre) très jolie chanson, à fin de bien résumer notre philosophie de vie.



***(Di doua di di doua di dam di di dou )***

*VOUS LES COPAINS, JE NE VOUS OUBLIERAI JAMAIS!*

**Si un jour nous sommes séparés**
**Nous, on sait que notre cœur ne changera jamais**

**Si l'un de nous quelquefois a des ennuis**
**On est tous là, on se met tous avec lui**

**Car il faut (car il faut)**
**Des amis (des amis)**
**Car il faut des amis**
**Pour être heureux dans la vie!**

**SHEILA, VOUS LES COPAINS**

**BON COURAGE!**
**BONNE ROUTE!**

O CURSO PASADO
APARECEU UN RATO ROBOT
NA BIBLIOTECA



Que podemos facer?



Participar na aula de AL e na biblioteca na CodeWeek







# Festa de Nenos




BOING
!




Naín Domínguez Vázquez 5.ºA

# Excursión de 5º A e B (24-05-2023)

O día 24 de maio fomos de excursión todo 5º de primaria a Marín.
Saímos con destino a Marín (Pontevedra) ás 9:00 da mañá. Fomos en autobús, no autobús pasámolo xenial, o condutor puxonos moitas películas.

Despois do viaxe en autobús fomos ao Ecopark de Marín un circuito aéreo de árbores de tirolinas. Alí chegamos as 10:45, había moitos niveles, exactamente 4. Eu tireime por 3 porque solo había 3 para a nosa edade (10 a 11). Ao principio parecía que te ivas a caer pero era moi seguro para todos. O recomendo para a xente que non ten vertigo e quere vivir adrenalina.

Logo collemos o autobús para coller rumbo ao Lago Castiñeiras para comer. Alí había moitos partuliños e uns recién nacidos. Despois de comer recollemos todo o lixo para que as especies que habitaban alí non se fixeran dano co lixo. Era un bo sitio para almorzar uns bocatas ou facer unha churrascada.
E por fin fomos a praia de Mogor onde chegamos as 16:00h. Alí pasamos a tarde xenial na praia. Bañámonos todos incluso os profes! Eu mais uns amigos rebozámonos na area e logo tirámonos na auga. Logo fomos a un chiringuito da praia de Mogor, pero era moi caro! Volvimos a 20:30 a casa. A mellor excursión do mundo

Gonzalo Casal Gándara 5º A

Nicole 5º

# Un maravilloso día de excursión

## ¿QUE hicimos?

Estuvimos 1h y 30min en el autobús.
Mientras pasaba el tiempo vimos la Patrulla Canina, cantamos, jugamos y algunos durmieron y otros hablaban.

Yo intentaba dormir, pero mis compañeros no me dejaban.

Luego de 3horas jugando recogimos las mochilas y nos fuimos al autobús.

Después de estar 1h y 30 min en el autobús llegamos al Eco parque, nos enseñaron a usar las tirolinas y los otros juegos...

Luego, fuimos al lago Castiñeiras y habían muchos patos. Cuando nos sentamos a comer le dimos comida a los patos. Luego, fuimos a la Playa y antes de entrar al agua esperamos 15 minutos.
¡LA PASAMOS MUY BIEN!

# A mellor excursión

O día mércores, 24 de maio, os cursos 5º B e 5º A do Ceip Filomena Dato fomos de excursión a Marín.

Estivemos no autobús 1 h e media e vimos unha película da patrulla Canina. Chegamos a Marín, fomos ao ecoparque e había moitas árbores e era bastante grande. Os monitores explicáronnos o que había que facer e como facelo. Había moitos xogos e tirolinas. Había 4 niveis, eu só cheguei ata o 2; a continuación, fomos a un lago chamado Castiñeiras. Alí comimos uns bocatas e tirámoslle moita comida aos patos. Despois fomos á praia que estaba preto de alí, puxémonos os bañadores, un pouco de crema e para a auga, estaba un pouco fría, pero despois bastantes metéronse enteiros, despois compramos comida nunha tenda que había alí; e por último, volvimos no autobús outra 1 h e media. Chegamos á Valenzá (Ourense) e nos fomos pra casa.

# Pasámolo Xenial !!!

24-5-2023

# IMOS A PRIMARIA!!




